

MEMORIA DE TRANSPARENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

O secretario xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral da Lingua pretende formalizar coa Deputación da Coruña o instrumento convencional enriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e a Deputación Provincial da Coruña para a realización de actividades de formación en lingua galega dirixidas ao persoal ao servizo da Administración local da provincia da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que as partes pretenden colaborar conxuntamente para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, recolle a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

Que as partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado en 2004, que recolle, entre os seus obxectivos específicos, o de consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración local e o de mellorar a calidade do idioma falado e escrito polo persoal ao seu servizo. Así mesmo, tamén colaborarán na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais, co fin de incrementar os produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento



xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral da Lingua
Valentín García Gómez

